

AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE



Silvia Otero Prado – Mestra de AL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP *plurilingüe* DE CASTRELO

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/>

RECOMENDACIÓNS DENDE A AULA DE

AUDICIÓ E LINGUAXE

Coa finalidade de minimizar o impacto ocasionado polo COVID-19 no noso alumnado, imos tentar que a dinámica dende a aula de Audición e Linguaxe continúe dentro das posibilidades do momento que estamos a vivir. Por iso, facémoslle chegar unha serie de pautas e de actividades tipo que podemos realizar dende os distintos fogares e un listado de enlaces que poden resultar moi útiles para todo o alumnado.

Pautas a seguir:

- 🔗 É fundamental manter os horarios e hábitos habituais da casa, evitando que esta situación altere as rutinas e a seguridade que estas lle dan aos nenos e nenas.
- 🔗 Aproveitar esta situación para pasar máis tempo de desfrute e ocio en familia.
- 🔗 Implicade aos nenos e nenas nas tarefas da casa, facéndoos responsables das mesmas e aproveitando estas situacións para establecer diálogos e repasar vocabulario que vaia xurdindo.
- 🔗 Aproveitade para facer receitas de cociña con eles, pedíndolle que primeiro digan ou escriban os pasos que son necesarios, cun orde e un vocabulario axeitado.
- 🔗 Falade con eles todo o que poidades para mellorar así a súa linguaxe expresiva.
- 🔗 Repetide as palabras que pronuncian mal, para que teñan o modelo axeitado.
- 🔗 Evitade a protección en exceso. Debemos aproveitar estes días para que desenvolvan a súa personalidade por completo, dándolle autonomía.
- 🔗 Tentade prestarlle atención cando vos falan. Os nenos precisan sentirse escoitados, pero tamén lle imos pedir que escoiten e garden quendas de palabra.

Aula de Audición e Linguaxe

Actividades tipo:

➤ Exercicios de **respiración e sopro**:

- Nun vaso cheo de auga introducir unha palliña e soprar mentres tenta facer burbullas.
- Pasar pompóns/boliñas dun prato a outro.
- Facer un circuíto polo que debemos guiar unha pelota coa única axuda do sopro.
- Facer un debuxo e pintar nel soprando coas palliñas




- #### ➤ Facer **praxias** (movementos organizados) cos labios, a lingua... mentres nos miramos nun espello para corrixir os erros que se produzan. Algúns exemplos destas praxias son os seguintes:



➤ Actividades para mellorar a **memoria** e a **atención**:


- Memorizar diferentes trabalinguas nos que traballemos os fonemas alterados. Algúns exemplos:

La hormiga tiene BARRIGA
de tanto que TRAGA y TRAGA,
y esa hormiga es mi amiga,
aunque es una hormiga vaga.



ww.orientacionandujar.es

Debajo de un carro había un perro,
vino otro perro y le mordió el rabo.
Pobre perrito como lloraba por su rabito.



ww.orientacionandujar.es

Gallo y grillo,
gritan, gozan.
Gritan, gozan,
grillo y gallo.

Una tortuga tortura a otra tortuga
tuerta que tropieza con la tuerca
tras la puerta.

- Xogo de memoria online, onde podes elixir o número de cartas para xogar e, polo tanto, o nivel de dificultade: <http://www.memo-juegos.com/juegos-de-memoria-online/ninos>
- Xogo de atención online no que debes atopar o personaxe que che pidan: <https://vedoque.com/juegos/atento-juego.html>
- Xogo online “Cal sobra?” <https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-buscar/cual-sobra-01>
- Láminas para atopar os debuxos iguais ao modelo dado http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/1839/Discriminacion_visual_y_percepcion_de_diferencias.pdf

- Atopa a súa sombra. Nesta actividade tamén podemos recortar as imaxes en cor e pedirlle ao neno que a poña enriba da sombra correspondente:
<https://www.juegoideas.com/materiales/encuentra-la-sombra/>

➤ Actividades para traballar o **vocabulario** e a **conciencia fonolóxica**:

- Xogar ás palabras encadeadas.
- Buscar obxectos, ou imaxes de elementos, que comecen con distintas letras que lle imos propoñendo e pedirlle que diga como se chaman.
- Formar frases coas palabras que fomos atopando das actividades anteriores.
- Xogar ao “Vexo-vexo” buscando cousiñas que conteñan os fonemas que máis lle custa pronunciar.
- Construír frases a partir de palabras dadas (dados conta historias) comezamos con dúas palabras, logo tres, catro, cinco.... Exemplos:
 - ✓ Mazá / Paxaro: “Vin ao paxaro comer unha mazá”.
 - ✓ Tesouro / Lentes / Illa: “Estabamos nunha illa deserta e atopamos un tesouro tan pequeno que tiveron que poñer as lentes para poder velo.”
 - ✓ ... e así sucesivamente. Deixade voar a vosa imaxinación!
- Xogo do Dooble para imprimir e xogar:
http://www.arasaac.org/materiales.php?busqueda=basico&buscador=1&titulo_descripcion_basico=elemento+común&autor_basico=&idiomas_basico=&area_curricular_basico=0&subarea_curricular_basico=0&tipo_basico=0&dirigido_basico=0&nivel_basico=0&saa_basico=0&button=Buscar

Educación Infantil:

- Actividades online de prelectura:
<https://www.aulapt.org/2019/04/06/coleccion-de-juegos-online-de-conciencia-fonologica/>
- Xogo online do “vexo-vexo”: <https://www.youtube.com/watch?v=v5wG-URNBR0>

Educación Primaria:

- Xogo online “Pasapalabra”:
<https://www.aulapt.org/2019/09/22/pasapalabra-juego-de-vocabulario/>

- Xogo online de vocabulario:
<https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/lengua-literatura/vocabulario>
- Xogo online de vocabulario por cursos (de 1º a 6º de EP):
<https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/vocabulario>
- Xogo online do “Aforcado”: <https://www.cokitos.com/juego-del-ahorcado-para-ninos/play/>

➤ Actividades de **seriación**:

- Con diferentes xoguetes que teñamos na casa, como os Lego:
- Con utensilios de cociña, pasta, froitas, pinzas da roupa...



- Actividades de **precisión**, aproveitando materiais de refugallo que temos pola casa: abrochar botóns, subir e baixar cremalleiras, colocar pedriñas (ou calquera outro obxecto) nun debuxo ou no seu propio nome...



- Actividades **sensoriais**: podeades facer bandexas sensoriais con pan raiado e que nelas escriban ou debuxen. Tamén con arroz, no cal agocharemos obxectos que logo teñen que atopar. E si lle collemos espuma de afeitado a papa... pasarémolo xenial!



- E cando o aburrimiento se apodere de ti e non sepas que facer...escolle unha destas **tarxetas “anti-aburrimiento”** e a facer o que che diga!:

https://drive.google.com/file/d/1KBI5th6rkhEww8_U3g3I-vXNIRaA_usG/view



Unha última recomendación... **reforzade positivamente** aos vosos fillos e fillas, pois agora o precisan máis que nunca!! E si vos animades...facede un **calendario de puntos** para motivalos a traballar e a colaborar con vós nas tarefas da casa.

capuxera creativa
creatividad para toda la familia

Mensajes positivos para nuestros hij@s

<ol style="list-style-type: none"> 1. ¡Buen trabajo! 2. ¡Formidable! 3. Sé que puedes hacerlo 4. Estoy muy orgullosa de ti 5. ¡Fantástico! 6. Me gusta como lo has hecho 7. Te quiero mucho ¡siempre! 8. Eres increíble 9. ¡Qué idea tan ingeniosa! 10. Qué buena imaginación tienes 11. Tú Sí que vales 12. Cada día lo haces mejor 13. Eres muy buen@ 14. ¡Te ha quedado genial! 15. ¡Eres especial! 16. Muy bien 17. Te has esforzado mucho 18. Confío en ti 19. ¡Magnífico! 20. Bravo, así se hace 	<ol style="list-style-type: none"> 21. Eres un campeón/a 22. Excelente progreso 23. Sé que puedes hacerlo 24. ¡Mucho mejor! 25. Me he divertido mucho 26. Buen descubrimiento 27. Perfecto 28. Eres únic@ 29. Eres el/la mejor 30. Cada día me sorprendes más 31. Me gusta estar contigo 32. Sonreírle 33. Abrazarle 34. ¡Chócala! 35. ¡Admirable! 36. Estupendo 37. ¡Me encanta! 38. ¡Qué bien lo haces! 39. Se nota que te gusta 40. ¡Eres genial!
--	--

ECONOMÍA DE FICHAS

TAREAS	L	M	M	J	V	S	D	PUNTOS
	★	★	★	★	★	★	★	7
		★	★	★		★	★	5
	★		★	★	★	★		5
	★	★		★	★	★	★	6
PUNTAJE TOTAL								23
LISTA DE PREMIOS								
PUNTAJE NECESARIO								★10 ★15 ★21 ★28

guainfantil.com

	Deberes	Comidas	Colegio	Higiene	Habitación
LUNES					
MARTES					
MIÉRCOLES					
JUEVES					
VIERNES					
FIN DE SEMANA					